



## PLAN DE ACTUACIÓN PARA FAVORECER AS HABILIDADES SOCIAIS E A ADAPTACIÓN E INTEGRACIÓN ESCOLAR

### Introdución

As habilidades sociais son comportamentos aprendidos que se poden mellorar a través de experiencias de aprendizaxe adecuados.

Este programa pretende axudar ao alumnado a observar, practicar, corrixir e ir perfeccionando estas habilidades e darlle o reforzo necesario para que as aplique no entorno escolar e familiar.

### Obxectivos Xerais

- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Mellorar nas habilidades comunicativas e nas diferentes formas de expresión.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Potenciar a transmisión dos valores de tolerancia e cooperación
- Previr situacións de violencia e acoso escolar

### Obxectivos específicos

- Mellorar a comunicación co entorno máis inmediato, aumentando a capacidade para resolver conflitos e con isto a súa autoestima.
- Potenciar o uso de estratexias na resolución de conflitos, tanto de índole persoal como social.
- Aprender a identificar e a expresar sentimentos, tanto positivos como negativos.
- Percibir e comprender o punto de vista dos demais.
- Aceptar as críticas como medio de mellora persoal.
- Practicar comportamentos democráticos en situacións de grupo.

### Metodoloxía

A metodoloxía estará baseada na aprendizaxe a través de exercicios prácticos e vivenciais e será flexible, adaptándose ás distintas necesidades, intereses e ritmos de aprendizaxe dos alumnos.



Na aprendizaxe empregárase a análise de situacións reais e simuladas ( Role-Playing) e para cada actividade empregárase unha metodoloxía específica se fose necesario.

### Orientacións para o profesorado

- Uso da titorización entre iguais
- Facer traballos e actividades de tipo cooperativo
- Asignar responsabilidades en actividades grupais

### Traballo na Aula de PT

Nesta aula celebraranse, a modo orientativo, dúas sesións semannais de 30/45 minutos. O traballo terá continuidade na aula ordinaria baixo a supervisión dos titores ou titoras e, se é posible, no entorno familiar.

A Orientadora, titora e especialista en PT reuniranse unha vez á semana para analizar situacións e intercambiar impresións.

### Actividades específicas

- Actividades para o desenvolvemento da asertividade.
- Actividades de autoconecemento
- Actividades de recoñecemento de sentimentos
- Actividades de toma de conciencia do maltrato entre compañeiros
- Actividades de toma de responsabilidades